

A IMPORTANCIA DO EMPREGO AUTÓNOMO EN GALICIA

1 DE CADA 5

persoas traballadoras en Galicia
son por conta propia



+20%
En Galicia, as persoas
por conta propia constitúen máis
do 20% do total



Sómos a 1ª C.A. con maior
peso deste colectivo no
total de afiliacións

Máis de 3 puntos
por enriba da media
de España (17%)

Galicia é un referente
cando se fala de
consolidación do
emprego autónomo

+3 ANOS



+73%

6 puntos por riba da media estatal

Tamén cando se fala
en feminino

MULLERES AUTÓNOMAS



+42%

Galicia ten a maior porcentaxe de mulleres
autónomas. A media de España é do 35,5%

MÁIS INFORMACIÓN



oficinadoautohomo.gal



@galiciacrece

OS NOSOS AUTÓNOMOS

A NOSA FORZA



GALICIA é unha terra de oportunidades para os que queredes emprender e iniciar a vosa propia aventura empresarial. E na Xunta de Galicia somos conscientes de que constituídes un eixo vertebral da nosa economía e da nosa sociedade.

Poñemos á túa disposición un apoio integral para acompañarte no teu camiño e que poidas:

- Decidirte a emprender o teu negocio
- Mellorar a túa competitividade
- Formarte
- Investir
- Crecer e contratar a traballadores
- Conciliar
- Intentalo de novo
- E mesmo deixar paso a outros



PRINCIPAIS APOIOS



INICIA A TÚA AVENTURA EMPRENDEDORA

- Apoiamos con 2.000 € o **INICIO DA TÚA ACTIVIDADE** como autónomo, ou con 4.000 € se tes menos de 30 anos, es parado de longa duración, tes algunha discapacidade ou estás en risco de exclusión social.
- Se o teu proxecto ten unha **BASE TECNOLÓXICA**, dispós de axudas desde os 9.000 € no caso de persoas tituladas.
- En ámbolos dous programas contemplamos, ademais, un incremento do **25% se es MULLER** ou **EMIGRANTE RETORNADO**.
- E dámosche acceso aos espazos e servizos da **PLATAFORMA STARTIN GALICIA** e ás axudas para investimentos dos programas **Galicia Emprende** e **Galicia Rural Emprende**.



CONSOLIDA E FAI MEDRAR O TEU NEGOCIO

- Se queres **MELLORAR A COMPETITIVIDADE** do teu negocio, ou realizar investimentos loxísticos, achegámosche axudas de ata 3.000 € a través do **BONO AUTÓNOMO**.
- Se necesitas facer **CONTRATACIÓNS**, apoiámoste coa incorporación de ata 3 traballadores indefinidos, con axudas de entre 4.000 a 9.000 €, que poden acadar os 20.250 € se a persoa que contrates pertence a un colectivo prioritario ou se o teu establecemento está no **rural**. Así mesmo, temos un **BONO DE FORMACIÓN** en relación co posto a desempeñar de 4.000 € e 70 horas.
- E, porque a **CONCILIACIÓN** coa vida familiar nunca ten, que ser un obstáculo, financiamos ata 12 meses a contratación dunha persoa que cubra a túa baixa por maternidade ou paternidade. Ou, se prefires, podes empregar a axuda para cubrir os gastos da escola infantil.
- Realizamos o teu **RECOÑECIMENTO MÉDICO** e ofrecémosche colaboración e formación na **PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS**.
- E, porque a **CONCILIACIÓN** coa vida familiar nunca ten, que ser un obstáculo, financiamos ata 12 meses a contratación dunha persoa que cubra a túa baixa por maternidade ou paternidade. Ou, se prefires, podes empregar a axuda para cubrir os gastos da escola infantil.
- Facilitámosche o acceso ás axudas para fomentar a **DIXITALIZACIÓN E A INTERNACIONALIZACIÓN**, así como a instrumentos de **FINANCIAMENTO**.
- E no caso de apostar por un traspaso, co **BONO RENOVA**, terás acceso a 6.000 € para formación, 5.000 € para iniciar a actividade e 3.000 € por cada traballador que manteñas.
- Dámosche soporte tamén se queres volver intentalo, se a túa primeira experiencia empresarial non saíu adiante. Para iso, contemplamos unha axuda de ata 12.000 € a través do **BONO DE NOVA OPORTUNIDADE**.



ESTAMOS AO TEU SERVIZO

Queremos poñerche as cousas fáciles. Por iso, a estes apoios súmase a **OFICINA VIRTUAL DO EMPREGO AUTÓNOMO** como xanela única á túa disposición na que poderás acceder a toda a información que necesites, consultar as túas dúbidas ou acceder a servizos especificamente deseñados para ti.

